

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS) CURSO 2020/2021 CEIP DE ARZÚA

1. CONTEXTUALIZACIÓN.
2. BASES LEXISLATIVAS.
3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL.
4. BASES PSICOPEDAGÓXICAS.
5. METODOLOXÍA.
 - 5.1. A ESTRUTURACIÓN DO TEMPO E DO ESPACIO.
 - 5.2. OS MATERIAIS PARA A ORGANIZACIÓN DA AULA.
 - 5.3. AS ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.
 - 5.4. METODOLOXÍA NAS MODALIDADES EDUCATIVAS PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.
6. AVALIACIÓN.
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
8. OBXETIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.
9. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO.
10. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO: 5ANOS
11. OBXECTIVOS NON ACADADOS O PASADO CURSO POLO ESTADO DE ALARMA
12. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. TERCEIRO CURSO: 5-6 ANOS
13. CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL
14. ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO: 5 ANOS
15. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO
14. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DEL TERCEIRO CURSO: 5 ANOS
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO
18. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
20. CONCLUSIÓN.

21. BIBLIOGRAFÍA
Bibliografía

1. CONTEXTUALIZACIÓN:

Vou desenvolver unha programación didáctica de aula que fará referencia ó currículo vixente. Seguindo as bases da Lei Orgánica 2/2006 de 13 de maio de educación.

Dita programación situarase, polo tanto, nun terceiro nivel de concreción curricular que terá como base o Proxecto Curricular do Centro. Así mesmo, a súa redacción estará en coherencia no relatado na programación para o segundo ciclo de educación infantil.

Esta programación está pensada para levar a cabo no C.E.I.P. de Arzúa, nunha aula do segundo curso do segundo ciclo de educación infantil (6º Educación Infantil) que conta con 15 nenos e nenas de cinco anos, atopándose entre eles alumnado con NEAE.

O devandito centro ten **xornada** mixta, sendo que os luns e os martes abrangue de 09:50 a 14:20, sendo a sesión da tarde de 16:00 a 17:00 horas, os mércores, xoves e venres a xornada é só matinal dende ás 09:50 ata as 14:30 horas (agás nos meses de setembro e xuño co horario será de 9.40 a 14.40).

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas (sala de mestres, biblioteca, aula de audiovisuais, oficinas,...) , un ximnasio, o comedor e aula de psicomotricidade, varias pistas deportivas e areeiro. Así mesmo, dispón de departamento de orientación propio composto pola orientadora, a mestra de audición a linguaxe e dúas mestras de pedagogía terapéutica (unha delas compartida con perfil de A.L.).

Para as aulas de infantil hai unha mestra de apoio que impartirá TIC's e Psicomotricidade, así como horas de apoio na aulas de infantil. Tamén se impartirá por parte de mestres especialistas Inglés, Música e Relixión (agás no caso da alternativa á relixión, que será impartida pola titora da aula).

A principal actividade económica dos familiares está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua máis empregada no centro é o galego, o que coincide coa que falan maioritariamente os alumnos e as alumnas do grupo para os que se atopa orientada esta programación. Por este motivo, a lingua vehicular da aula será o galego, conseguindo, deste xeito, unha continuidade entre o ambiente familiar e o escolar ó recorrer ó uso da lingua materna do alumnado.

Estructurarei o curso escolar en base aos tres trimestres. Ao final de cada un deles entregaráselles ás familias un boletín informativo, atendendo ó establecido na Orde de 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo do curso realizaranse as pertinentes reunións promovendo un ambiente de coordinación e cooperación entre tódolos membros. Asemade, iniciarase na colaboración e seguimento dos diferentes plans e equipos, é dicir do plan lector, de biblioteca, de convivencia e de TIC.

“O proceso educativo esixe unha estricta planificación (aparte das complexas variables que nel inciden) porque da calidade dos seus resultados depende o desenvolvemento persoal e social dos discentes” (Sarramona e Tarín).

Na elaboración da Programación didáctica teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Características dos discentes:

Constitúen a fonte psicolóxica e epistemolóxica do currículum. Deberíamos telas en conta xa que permitirán potenciar o desenvolvemento harmónico do discente a través de tódalas súas capacidades e ámbitos:

- **Ámbito afectivo:** segundo Wallon os discentes de 5 a 6 anos atópanse no estadio de personalismo (3-6 anos); neste estadio o discente busca a súa propia identidade, afirmando e conquistando a súa autonomía; adoita xurdir entón un período de oposición e de “gracia”, e un período de imitación.
- **Ámbito social:** nestas idades xode a crise de desenvolvemento denominada por Erikson “iniciativa versus culpa” (3-6 anos) xa que necesita que os adultos valoren as súas iniciativas, necesita sentirse aceptado ou do contrario desenvolverá sentimentos de culpabilidade.
- **Ámbito cognitivo-motor:** Piaget localiza a estes discentes no período preoperacional (2 - 6/7 anos aproximadamente), e dentro deste no subperíodo de carácter intuitivo articulado (5-6 años). Neste período o pensamento vai acompañado da linguaxe, xogo simbólico, a imitación diferida e demais formas da función simbólica. O seu pensamento funciona a base de preconceptos caracterízase por: o egocentrismo, animismo, artificialismo, transduccionismo, xustaposición, centralismo, sincretismo e realismo.
- **Ámbito moral ou ético:** segundo Kohlberg, o discente oriéntase polo castigo e a obediencia. É a etapa premoral. Piaget di que o discente manifesta unha sumisión á autoridade aínda que segue existindo o egocentrismo.
- Ademais teranse en conta as características do entorno dos discentes e do colexio, é dicir, os datos da realidade social e humana na cal se vai levar a cabo a actuación educativa (diversidade xeomorfolóxica e climatolóxica, equipo de poblamento, contorno social, etc), e que conforman a fonte socioantropolóxica do currículum.

b) Principios psicopedagóxicos e consecuencias didácticas:

Constitúen a fonte pedagóxica e epistemolóxica do currículum. Os principios deben quedar integrados dentro do denominado “enfoque globalizador”, e serían: partir do nivel de desenvolvemento do discente (capacidade e coñecementos previos); construción de aprendizaxes significativos por sí sós (aprender a aprender); modificación de esquemas de coñecemento; intensa actividade por parte do /da alumno /a; inserción no medio, etc.

Con respecto ás propostas didácticas deberíamos:

- partir das súas experiencias (aprendizaxe significativa);
- favorecer a relación entre os novos contidos e os que xa posúe; métodos e recursos variados e potenciadores de estratexias de busca e organización;

- impulsar as relacións entre iguais (principio de socialización);
- crear un clima de aceptación mutua e cooperación.

2. BASES LEXISLATIVAS: DECRETO 330/2004, DO 4 DE XUÑO

PRINCIPIOS XERAIS:

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa con entidade propia que atende nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade.

Esta etapa ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres ata os seis anos de idade.

A Educación Infantil ten carácter voluntario. O Segundo Ciclo da etapa será gratuíto.

FINS:

Contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas atendendo a:

- O desenvolvemento afectivo.
- O movemento e os hábitos de control corporal.
- As manifestacións da comunicación e da linguaxe.
- As pautas elementais de convivencia e relación social.
- O descubrimento das características físicas e sociais do medio.
- A elaboración dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos.
- A adquisición duns niveis axeitados de autonomía corporal.

OBXECTIVOS:

O segundo ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos demais, respectando as diferenzas interpersoais.
- Explorar a súa redonda familiar, natural e social.
- Adquirir unha autonomía progresiva nas actividades cotiás.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Adquirir pautas elementais de convivencia e exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver diversas habilidades comunicativas.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, a lectoescritura, o movemento, o aceno e o ritmo.

ÁREAS DE COÑECEMENTO:

Os contidos educativos desta etapa organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas que se imparten no Segundo Ciclo da Educación Infantil son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento da redonda.
- Linguaxes: comunicación e representación.

As áreas deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia e desenvolveranse mediante a realización de actividades globalizadas e significativas para os nenos e nenas.

Os métodos de traballo, baseados nas experiencias, nas actividades e no xogo, aplicaranse nun ambiente de afecto e de confianza para potenciar a súa autoestima e a integración social.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben constituír un recurso didáctico ineludible en toda a etapa, especialmente no segundo ciclo.

As áreas de coñecemento deben entenderse como espazos de aprendizaxe de:

- Actitudes.
- Procedementos.
- Conceptos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

No Segundo Ciclo da Educación Infantil, a avaliación será:

- Global.
- Continua.
- Formativa.

Os procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación serán diversos e incluírán entre eles a observación directa e sistemática dos progresos do alumnado.

Para identificar as aprendizaxes adquiridas tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

Os mestres e as mestras deberán avaliar, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa a:

- As características persoais de cada alumno e alumna.
- As necesidades e intereses dos nenos e das nenas.
- O estilo cognitivo de cada alumno e alumna.

Cada centro adoptará as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo adaptándoo ás características dos nenos e das nenas e á súa realidade educativa.

3. CARACTERÍSTICAS E FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación infantil constitúese, desde os primeiros cursos, como unha etapa esencial para o crecemento dos nenos e das nenas no desenvolvemento global de todas as súas capacidades. Por iso, a nova ordenación educativa xurdida a partir da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, considéraa unha etapa educativa

con entidade propia e establece os principios xerais, os obxectivos e os principios pedagóxicos referidos ao conxunto da etapa.

A importancia dun adecuado desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas durante os seus primeiros anos de vida en relación co seu proceso de aprendizaxe é un feito contrastado pola psicoloxía evolutiva e educativa. Cada persoa ten unha particular maneira de ser e de estar no mundo, de se relacionar con outras persoas, co espazo e cos obxectos, e estes esquemas constrúense especialmente durante os primeiros seis anos de vida, de maneira que esta etapa ten implicacións positivas, no social, económico e educativo ao longo de toda a vida.

A educación en materia temperá foi unha das prioridades estratéxicas recoñecidas por diversos organismos internacionais como a OCDE, a través do seu Comité de Educación, ou a UNESCO. Un dos maiores impulsos á Educación Infantil proveu da Declaración Mundial de Educación para Todos, que se celebrou en Jomtien, onde se reuniron as principais axencias internacionais vinculadas á educación, e o posterior Informe da Comisión Internacional sobre a Educación para o Século XXI, encomendado a unha Comisión presidida por Jacques Delors.

O informe Delors, "A educación pecha un tesouro", converteuse nun referente porque transcende unha visión puramente instrumental da educación e considera a súa función en toda a súa plenitude, asociada á realización da persoa, de maneira que cada individuo poida desprezar todas as súas potencialidades. Concibida desta forma a educación básica é "un pasaporte para toda a vida", cuxos alicerces se constrúen na primeira infancia.

Para lograr este propósito establécense catro aprendizaxes fundamentais ou piares:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a ser.
- Aprender a vivir xuntos.

De acordo a estes principios a acción dos educadores e das educadoras na etapa de Educación Infantil debe estar encamiñada a propiciar aprendizaxes en ambientes que favorezan o desenvolvemento afectivo e motriz dos nenos e das nenas de xeito que:

- Estean en condicións de obrar con crecente capacidade de autonomía, de xuízo e de responsabilidade persoal (aprender a ser).
- Desenvolvan a comprensión do outro e a percepción das formas de interdependencia (aprender a vivir xuntos)
- Adquiran coñecementos e competencias que os/as capaciten para facerlles fronte ás diferentes situacións da vida (aprender a coñecer e a facer).

3.1. Finalidades e obxectivos da Educación Infantil

A Educación Infantil ten como principal finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e equilibrado dos ámbitos físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e das nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade. Para iso debe organizar e proporcionar actividades e experiencias que configuren un ambiente óptimo para o desenvolvemento e aprendizaxe nestas idades.

O currículo organizouse en tres áreas de coñecemento e experiencia que van contribuír ao desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado e vanlle permitir aproximarse á interpretación do mundo, outorgándolle significado e participando activamente nel:

1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
2. Coñecemento da redonda
3. Linguaxes: comunicación e representación

A través destas áreas, cuxas características se desenvolven no apartado x deste proxecto, no Segundo ciclo da Educación Infantil preténdese acadar os seguintes obxectivos xerais:

a) Potenciar e favorecer o desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas respectando a diversidade e as posibilidades de cada un.

Entre os 3 e os 6 anos de idade os nenos e as nenas inician a súa inserción social, ao mesmo tempo que constrúen unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e adquiren hábitos básicos de comportamento que lles permiten adquirir unha autonomía persoal, establecer os seus primeiros vínculos afectivos e descubrir as características físicas e sociais do medio no que viven.

Para afianzar o seu desenvolvemento como persoas en todos estes ámbitos potenciarase:

- O coñecemento, a valoración e o control da súa propia persoa, das súas posibilidades e limitacións.
- A adquisición progresiva de destrezas para realizar as actividades cotiás cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa.
- O desenvolvemento das súas capacidades emocionais e afectivas.
- A capacidade de establecer relacións positivas cos iguais e coas persoas adultas e de adquirir as pautas elementais de convivencia e de relación social.
- A observación e a exploración da redonda natural, familiar e social para coñecer os distintos grupos sociais que a integran, as súas características, costumes e tradicións e xerar actitudes de respecto e confianza.
- O desenvolvemento de habilidades comunicativas a través da lingua oral e doutras linguaxes e formas de expresión, iniciándose no uso da lingua estranxeira.
- A iniciación na aprendizaxe da lectura e a escritura, a expresión visual e musical e o uso das tecnoloxías da sociedade da información.

b) Potenciar a transmisión dos valores democráticos.

A concepción integral da educación implica incorporar no currículo, con carácter de transversalidade, aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Igualmente integraranse aqueles contidos que a propia sociedade demanda, tales como:

- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos
- Educación para o coidado e conservación do ambiente.
- Educación no consumo ou na seguridade viaria, etc.

c) Preparar os nenos e as nenas para o bo seguimento da escolaridade obrigatoria

A Educación Infantil considérase unha etapa con entidade propia, centrada na idea dun neno ou nena competentes, con capacidade de acción e con dereitos plenos. Non obstante, debe haber unha coordinación entre os dous ciclos da Educación Infantil e entre o segundo ciclo desta etapa e o primeiro ciclo da Educación Primaria, co fin de detectar as necesidades educativas de cada neno e nena e garantir así a continuidade dos procesos de ensino e aprendizaxe.

3.2. O alumnado do Segundo Ciclo de Infantil

A Educación Infantil ordénase en dous ciclos: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os 3 aos 6 anos. Este proxecto ofrece unha proposta educativa adaptada ás necesidades dos nenos e das nenas do Segundo Ciclo da Educación Infantil.

Para que se dea unha correspondencia entre os obxectivos deste ciclo e os contidos do programa é preciso coñecer, en primeiro lugar, o desenvolvemento dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos.

a) Desenvolvemento psicomotor

Os nenos e as nenas de 3 a 6 anos móvense con soltura, están preparados para definir a súa lateralidade e construír o seu esquema corporal a través da exploración do seu propio corpo. O desenvolvemento da súa coordinación motora permítelles explorar a redonda e desenvolver a capacidade de se orientar no tempo e no espazo. Incrementan, así mesmo, a súa capacidade atencional e de control do seu propio corpo: aprenden a dominar as necesidades primarias e afinan as habilidades manuais (motricidade fina) necesarias para perfeccionar a escritura, estar quietos/as durante fraccións de tempo cada vez máis longas, etc.

b) Desenvolvemento cognitivo

Entre os tres e os seis anos os nenos e as nenas organizan o seu pensamento en torno a esquemas mentais sinxelos e básicos, sobre os que pouco a pouco irán asentándose outros cada vez máis elaborados. Utilizan a intuición e guíanse polo ensaio e o erro para aprender. Van afinando o coñecemento da súa redonda máis próxima de forma progresiva e, en situacións coñecidas, son capaces de captar relacións entre obxectos, comprender secuencias simples no tempo e establecer conexións de causa-efecto.

Mediante unha axeitada estimulación e nun contexto motivador chegan a iniciarse en estruturas mentais máis complexas: comprenden que certas cousas seguen sendo iguais aínda que cambien de aspecto, forma ou tamaño; clasifican obxectos segundo sexan ou non parecidos; realizan ordenacións sinxelas; son capaces de memorizar a partir de relacións de semellanza ou proximidade, etc.

A súa linguaxe oral vaise facendo cada vez máis expresiva, amplían o seu vocabulario, definen palabras e fan frases cada vez máis longas. Falan en voz alta para regular as súas accións e desenvolven a imaxinación, inventando historias e dándolles vida a obxectos inanimados.

c) Desenvolvemento persoal e afectivo-social

Nestas idades comezan a tomar conciencia do propio eu. Este proceso está determinado pola súa identificación coas persoas adultas, de quen aprenden, a través da imitación, formas de comportamento e normas sociais básicas co fin de conseguir reforzos e recompensas, e evitar posibles castigos.

A medida que progresan no seu desenvolvemento intelectual e adquiren máis recursos comunicativos incrementáanse as súas relacións con outros nenos e nenas, comezan a formar pequenos grupos e manteñen un vínculo afectivo co mestre ou mestra, por quen necesitan sentirse aceptados e queridos.

4. Bases Psicopedagógicas

4.1. O proceso de aprendizaxe

Os procesos de ensino e aprendizaxe nesta etapa deben tender a un enfoque globalizador e integrador, de xeito que permitan incorporar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado.

Para contribuír ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas, a escola de educación infantil, xunto á familia, debe facer posible unha infancia de múltiples relacións e oportunidades que facilite a construción da súa propia identidade e estimule diferentes modos de relación a través de experiencias e actividades de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno e nena, para chegar a alcanzar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

A forma de entender o principio de globalización polos/as profesionais da Educación Infantil foi evolucionando co paso do tempo. Na actualidade, xa non se entende a globalización como a práctica que integra de xeito artificial e descontextualizado contidos pertencentes ás distintas áreas ou disciplinas en torno a unha determinada temática, senón máis ben como unha perspectiva que orienta e condiciona o traballo tanto no que concirne á planificación da intervención educativa como ao modo no que nenos e nenas deben achegarse aos coñecementos para os aprender.

Refírese pois, tanto ao proceso de ensino como ao de aprendizaxe:

- No relativo ao proceso de ensino, o enfoque globalizador permite que os nenos e as nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, pondo en xogo, de forma interrelacionada, mecanismos afectivos, intelectuais, expresivos. Este principio aféctalle tanto á formulación dos obxectivos como á selección, secuenciación planificación e presentación dos contidos, así como á definición dos xeitos de traballo.
- No concirne ao proceso de aprendizaxe, o enfoque globalizador garda unha estreita relación coa significatividade das aprendizaxes. Nenos e nenas aprenden construindo, reinterpretando de maneira compartida coas demais persoas os coñecementos e saberes da cultura na que viven. Aprender de forma globalizada supón establecer múltiples e conexións e relacións entre as aprendizaxes novas e o que xa se sabe ou se viviu.

Outro dos requirimentos para *aprender significativamente* é que as nenas e os nenos teñan unha disposición positiva para a aprendizaxe, é dicir, que as aprendizaxes conecten cos seus intereses e respondan ás súas necesidades. Para iso, na planificación e o desenvolvemento das programacións:

- Promoverase a participación dos nenos e das nenas para que poidan manifestar e compartir as súas experiencias co resto do grupo.
- Utilizaranse estímulos variados para favorecer a motivación intrínseca e a implicación do alumnado, fundamentalmente a través do xogo.
- Fixaranse metas que sexan comprendidas polo alumnado, que sexan realistas e que poidan alcanzar de acordo ás súas competencias.

4.2. O papel do profesorado

O mestre ou a mestra será quen se responsabilizará de concretar, para cada grupo de nenos e nenas, a proposta pedagóxica e de facer que as actividades de aprendizaxe resulten significativas e motivadoras para o alumnado. Para conectar co saber, co saber facer e co saber estar do alumnado asumirá distintos roles: dirixir, suxerir, acompañar, etc.

A súa intervención pódese concretar nos seguintes puntos:

- Encargarase de organizar as actividades de forma flexible partindo dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, das súas necesidades e motivacións.
- Potenciará nos nenos e nas nenas unha serie de habilidades que os axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia: observar, investigar, imaxinar, formular hipóteses, anticipar consecuencias, etc.
- Creará un clima afectivo na aula onde o alumnado se sinta seguro e onde a comunicación e o diálogo sexan a base da aprendizaxe.
- Será unha fonte de apoio continuo para os nenos e as nenas: escoitaraos activamente, transmitiralles expectativas positivas e recoñecerá os seus logros reforzándoos/as positivamente para que confíen nos seus propios recursos e desenvolvan a súa autoestima.
- Propiciará a participación activa das nenas e dos nenos, e estimulará a súa creatividade, contrarrestando estereotipos e convencionalismos.
- Actuará de forma coordinada co resto do profesorado, nun ambiente que apoie o diálogo e o debate, a análise e a reflexión da práctica educativa.
- Planificará as relacións permanentes coas familias dos nenos e das nenas.

4.3. O papel da familia no centro

A educación infantil debe fundarse no *coñecemento do contexto familiar* e xerar as canles dunha mutua colaboración para promover a presenza e a participación de pais, nais ou titores/as na vida do centro. É conveniente establecer opcións variadas para facilitar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas:

- Contacto cotián.
- Encontros formativos e informativos.
- Achega de materiais para os temas que se desenvolvan na aula.
- Entrevistas, obradoiros, festas, saídas, etc.

Do mesmo xeito, o centro deberá despregar as medidas necesarias para posibilitar dita participación e para que cada familia poida encontrar a súa propia canle de participación e colaboración (horarios apropiados, notas explicativas, actitude receptiva, etc.).

Así mesmo, planificarase e organizará coidadosamente o período de acollida para os nenos e nenas que se incorporan por primeira vez á etapa ou ao centro, xa que a separación do fogar é un factor moi importante desde un punto de vista pedagóxico.

Cando os nenos e as nenas se incorporan á escola sofren unha separación importante da figura de apego (nai, pai, avós, etc.) e isto orixina un conflito e un cambio, porque saen da redonda familiar, na que se senten protexidos/as e seguros/as. A actitude ante a escola, a aprendizaxe e as relacións sociais depende de como se asimile este proceso.

Desde a escola planificarase o período de adaptación para que as criaturas superen estes cambios sen traumas, se autoafirmen e se independicen das súas figuras de apego. Nesta fase son especialmente importantes os contactos coas familias previos á entrada dos nenos e das nenas, co fin de:

- Coñecer como é a vida do neno ou da nena fóra da escola.
- Identificar as súas necesidades e intereses.
- Crear un ambiente cálido, acoledor e seguro, no que o neno ou a nena se sinta querido/a e confiado/a.

4.4. A atención á diversidade

A intervención educativa debe contemplar como principio a *diversidade* do alumnado adaptando as programacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e das nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Na Educación Infantil a atención á diversidade é, se cabe, máis importante aínda que noutros niveis debido ás grandes diferenzas que existen entre as nenas e os nenos destas idades pola influencia da redonda familiar, as diversas procedencias xeográficas e culturais, a integración de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, etc.

O seu desenvolvemento xerará un conxunto de propostas que responderán aos diversos intereses, capacidades e motivacións do alumnado, sen perder de vista a intención formativa global e os obxectivos do ciclo.

Así mesmo, implementaranse distintos *mecanismos de reforzo*, tanto organizativos como curriculares para atender ás dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poden considerarse:

- O apoio no grupo ordinario.
- Os agrupamentos flexibles.
- As adaptacións do currículo.
- Os reforzos específicos nalgún ámbito.

As diversas *formas de agrupamento* reúnen as seguintes características:

- O *gran grupo* é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.
- O *grupo pequeno* é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, xa que permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal modo que a mestra ou mestre poida prestarlle as axudas adecuadas segundo o grao de realización da tarefa. A organización en parellas adoita ser moito máis rendible polo grao de implicación que supón.
- A *actividade individual* é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, á vez que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

Os nenos e as nenas con *necesidades educativas especiais*, transitorias ou permanentes e aqueles que presentan necesidades específicas por superdotación ou desvantaxe sociocultural ou familiar, recibirán unha resposta apropiada e adaptada de carácter preventivo e compensador. A orientación, valoración e toma de decisións para favorecer un axuste na planificación educativa e mellorar o desenvolvemento e a aprendizaxe destes nenos e nenas, é unha tarefa compartida entre os/as profesionais de atención temperá e equipos específicos e os/as especialistas de Educación infantil.

4.5. O desenvolvemento das competencias básicas

A Educación infantil ademais de axudar a sentar as bases para o desenvolvemento persoal e social do neno ou da nena, ten un peso importante na construción e na integración de aprendizaxes funcionais (competencias, destrezas, hábitos e aptitudes) que serán o piar do posterior desenvolvemento das competencias básicas e facilitarán a súa posterior adaptación á Educación Primaria.

O *enfoque por competencias* modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, posto que o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento da capacidade dos nenos e das nenas de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como as habilidades ou coñecementos prácticos, como as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia vai, pois, máis alá do saber facer ou aplicar, xa que inclúe, ademais, o saber ser ou estar.

Para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado teranse en conta as seguintes competencias:

1. Competencia en comunicación lingüística

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións, e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o cal contribuirá, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Iniciarase aos nenos e nenas no uso de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, carteis ou etiquetas e levaranse a cabo actividades de escoita e comprensión de contos, lendas, poesías, adiviñas, trabalinguas, etc.

Para contribuír á mellora da competencia fomentarase a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

2. Competencia matemática

O desenvolvemento das formas de expresión e razoamento matemático traballarase mediante a observación da redonda próxima do alumnado e a través de situacións cotiás nas que se manexen os elementos matemáticos básicos: distintos tipos de números, medidas, símbolos, figuras xeométricas, etc.

O xogo, o conto e a manipulación de obxectos proporcionan diversas oportunidades para establecer conexións, clasificar, practicar o reconto, a comparación, a estimación, etc. Formular problemas que respondan aos intereses do alumnado e estruturar a súa resolución mediante pasos intermedios servirá, así mesmo, para estimular e desenvolver o pensamento lóxico-matemático.

3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Contribuirase á adquisición desta competencia a través das aprendizaxes centradas na forma de interactuar co espazo físico. Recrear e dotar de significado as distintas redondas próximas ao neno ou á nena (o colexio, a casa, o parque, etc.) a través do xogo, a manipulación de obxectos, a interacción coas persoas favorecerá a súa comprensión e entendemento.

Para potenciar o espírito crítico na observación da realidade iniciarase ao alumnado no pensamento científico e potenciaranse as súas habilidades de investigación: formular interrogantes, recoñecer evidencias, observar, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

4. Tratamento da información e competencia dixital

Mediante a utilización do ordenador e dos medios audiovisuais (proxector, encerado dixital, etc.) os nenos e as nenas aprenderán a buscar, seleccionar, rexistrar e analizar a información, utilizando técnicas e estratexias diversas.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información. A autonomía persoal manifestarase en accións como acender e apagar o ordenador, utilizar o rato, identificar e entender o significado das iconas, buscar información abrindo e pechando xanelas, ou utilizar programas sinxelos e ferramentas da Web 2.0 que permitan realizar animacións e simulacións e que faciliten a expresión, a comunicación e a creatividade.

5. Competencia social e cidadá

Esta competencia contribúe ao desenvolvemento da habilidades necesarias para que os nenos e as nenas aprendan a tomar decisións e a responsabilizarse das eleccións adoptadas, e integren as pautas de comportamento social que lles permitan exercer unha cidadanía democrática.

Entre as habilidades que se desenvolven no noso proxecto destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de empatizar e de comprender o punto de vista do outro e practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos.

Tamén se contempla a valoración das diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

6. Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas (festas, costumes, xogos tradicionais, gastronomía, etc.) e potenciar o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias.

O traballo con diferentes técnicas plásticas (colorar, recortar, puntear, repasar debuxos con rotulador, etc.) servirá para estimular o gusto e o interese dos nenos e das nenas por experimentar con distintos materiais e gozar do pracer de observar as súas propias creacións.

Os contidos que se recollen neste Proxecto incorporan aprendizaxes relacionadas coas producións culturais, o folclore e o patrimonio artístico da propia Comunidade Autónoma.

7. Competencia para aprender a aprender

Inclúe as aprendizaxes que axudarán as nenas e os nenos a ir tomando conciencia das propias capacidades -intelectuais, emocionais, físicas-, do que xa saben e do que necesitan aprender, e das estratexias necesarias para alcanzar metas.

Contribuirase á mellora desta competencia nas actividades orientadas a potenciar a comprensión e a expresión lingüística, a memoria, a motivación, a observación e o traballo cooperativo, así como na resolución de problemas da vida cotiá que obrigue os/as escolares a exercitar as habilidades de planificación e organización, e de selección e tratamento da información.

8. Autonomía e iniciativa persoal

A esta competencia contribúese desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciativa para presentar proxectos, a destreza para

argumentar, a iniciación na organización de tarefas e actividades sinxelas, a capacidade para se formular obxectivos e buscar solucións, a flexibilidade para aceptar cambios e innovacións e a convivencia na vida cotiá.

5. METODOLOXÍA

Levaranse a cabo partindo dun proxecto relacionado co tema deste curso: “ A Saúde e o MedioAmbiente”.

Partindo deste proxecto realizarei actividades lúdicas e/ou dirixidas para que o alumnado acade os obxetivos principais da etapa e tendo en conta os contidos que se deben traballar en 5 anos.

5.1. A estruturación do tempo e do espazo

A educación infantil lévase a cabo en todos os espazos do centro, durante todos os momentos da xornada e con todos as persoas que alí viven, o cal implica a comunicación entre as diferentes dependencias da escola, flexibilizando os espazos e rompendo barreiras ficticias, xa que todo o centro se compromete no traballo educativo.

Para contribuír á construción de aprendizaxes significativas e relevantes son fundamentais o deseño e a organización dos espazos individuais e colectivos de maneira que resulten atractivos e estimulantes, así como a adecuación dos tempos aos ritmos dos nenos e das nenas.

a) O deseño do espazo escolar

Todos os espazos da escola infantil deben considerarse potencialmente educativos. Os profesionais da educación deberán planificar intencionalmente os distintos lugares e espazos do recinto escolar, tanto dentro como fóra da aula (entrada, patios, corredores, comedor, etc.) para que os nenos e as nenas se sintan seguros/as e a gusto para emprender accións e xogos.

A variedade de actividades educativas que deben realizarse cos nenos e coas nenas aconsella que a distribución que se faga dos espazos, mobiliarios, materiais... garanta unha oferta diversificada e flexible. Así a aula debe organizarse en zonas ou espazos diferenciados de actividade ou recunchos, segundo a actividade a realizar: zonas para o encontro grupal, de biblioteca e lectura, de xogo simbólico, de natureza, de construcións, de ordenador, de expresión plástica, de actividades tranquilas, etc.

A organización espacial da aula en espazos diferenciados:

- Favorece o desenvolvemento da autonomía dos nenos e das nenas, que poderán escoller a alternativa que mellor se adecúe aos seus intereses.
- Posibilita o movemento dos nenos e das nenas dun lugar a outro, respectando a súa necesidade de se desprazar.
- Favorece a interrelación dos nenos e das nenas entre si, xa que o cambio de zonas supón un cambio de compañeiros e compañeiras.
- Permite realizar actividades diversas de forma simultánea, sen que se produzan interferencias.
- Fai posible diversos tipos de agrupamentos en torno aos intereses do alumnado.
- Favorece a atención individualizada ás nenas e aos nenos por parte do profesorado.

A aula estará dividida en recantos , un deles relacionado co tema deste curso; creando entre eu e as familias o recanto do camerino , no que os pequenos se converterán en grandes artistas.

b) O tempo de traballo

Na escola infantil o tempo é un elemento importante da acción educativa que debe entenderse non só como un instrumento para a organización da vida escolar, senón tamén como un elemento que contribúe ao proceso de construción persoal dos nenos e das nenas.

Este recurso débese organizar de maneira flexible, combinando tempos de actividade con tempos de descanso e actividades libres e espontáneas con actividades dirixidas, de maneira que queden cubertas as necesidades básicas do neno ou da nena (alimento, cambios, esfínteres...) e que cada un deles conte co tempo necesario para poder xogar, explorar e aprender coa persoa adulta e outros compañeiros e compañeiras, de acordo aos seus ritmos individuais.

Outro aspecto que debe terse en conta ao organizar os tempos diarios é o non establecer diferenzas, nin divisións entre tempos de traballo e tempos de lecer xa que toda a estancia do neno e da nena na escola é considerada como tempo educativo.

A organización temporal contribúe a crear rutinas que favorecen a sistematización das tarefas e que lles dan seguridade aos nenos e ás nenas, ao saber con antelación as actividades que van realizar nun momento determinado e o que teñen que facer. Para que os nenos e as nenas teñan puntos de referencia o/a docente pode proporcionarlles algunhas pautas:

- Respetar a secuencia temporal dalgunhas actividades rutineiras.
- Establecer mecanismos para indicar o inicio e a finalización das actividades.
- Lembrarlles as cousas que fixeron ao longo do día e da semana, etc.

Debido aos cambios que se producen nestas idades en poucos meses é necesario pensar e planificar as modificacións de espazos, tempos e materiais que se irán producindo ao longo do ano a medida que as necesidades das nenas e dos nenos o requiran.

A **temporalización** da presente Programación Didáctica, seguirá o calendario aprobado para o correspondente curso escolar 2020/21 seguindo sempre un criterio de flexibilidade.

Distribuirase en diferentes competencias partindo dun proxecto anual , que é o decidido en claustro para todo o centro: "Medioambiente e saúde". A través deste proxecto traballaremos en actividades diversas para acadar os diferentes obxetivos anteriormente citados e que estarán relacionadas coas principais áreas e competencias desta etapa.

5.2. Os materiais para a organización da aula

Os materiais que ofrece a escola constitúen un importante instrumento para a acción e para o establecemento de relacións orientado para a construción e reorganización do coñecemento, tanto do mundo físico como do emocional e social do neno e da nena. O valor destes materiais reside fundamentalmente nas posibilidades de acción, manipulación, experimentación e conflito que proporcionen, de acordo á intencionalidade educativa e aos obxectivos que previamente se definiron.

Ofreceranse oportunidades para experimentar con recursos como as tecnoloxías da información e comunicación (ordenador, cámara dixital, etc.), libros e material impreso, e outros materiais e recursos expresivos como pinturas, arxila, láminas e libros de arte, mapas e lupas.

Os materiais educativos e de equipamento reunirán as seguintes características:

- Deben apoiar a actividade infantil promovendo a investigación e a exploración.
- Deben ser polivalentes, permitindo realizar diferentes accións, usos e experiencias, en función dos intereses de quen os utilice, e adecuarse aos diferentes ritmos dos membros do grupo.
- Deben ser variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil: motor, sensorial, cognitivo, lingüístico, afectivo e social.
- Deben ser, na medida do posible, elementos da vida cotiá da comunidade, útiles, ferramentas..., que, baixo supervisión de persoas adultas poidan ser utilizados coas mesmas fins para os que esta sociedade os creou.

Os materiais colocaranse en lugares accesibles de maneira que poidan ser vistos e utilizados polos nenos e as nenas de forma autónoma, evitando a dependencia da persoa adulta, e disporanse ordenadamente para facilitar a súa situación e colocación posterior. O/A docente asegurase de que coñecen e respectan as normas de utilización do material (como limpalo, gardalo, conservalo, etc.) e tenderá a promover a recuperación e reutilización dos materiais, axudando os nenos e as nenas a descubrir novas posibilidades de uso.

5.3. As actividades de aprendizaxe

En canto ao como ensinar, a LOE 2/2006, do 3 de maio, establece que o método de traballo se baseará nas experiencias, nas actividades e no xogo e que estes se aplicarán nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e a integración social de nenas e nenos. Polo tanto, incídese no compoñente lúdico e educativo do xogo e na importancia de que o neno ou nena manipule, experimente e manifeste as súas propias experiencias.

a) O xogo como instrumento de intervención educativa

O papel do/a docente na Educación Infantil consiste en promover experiencias e facilitar a realización de actividades que conecten coas necesidades, os intereses e as motivacións dos nenos e das nenas e o xogo é un dos instrumentos pedagóxicos máis eficaces para conseguir este obxectivo, posto que incrementa a motivación do neno e da nena para o obxecto da aprendizaxe.

O xogo é unha conduta universal que os nenos manifestan de forma espontánea e que lle afecta ao desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social, xa que permite expresar sentimentos, comprender normas, desenvolver a atención, a memoria ou a imitación de condutas sociais. A través do xogo aprenden a relacionarse, a compartir, a solucionar pequenos problemas, a axustar os seus comportamentos ás normas, descubren as súas habilidades, as calidades físicas dos obxectos, etc.

Piaget distingue tres tipos de xogo ao longo do desenvolvemento evolutivo do neno ou da nena: o xogo sensomotor, o xogo simbólico e o xogo regulado. No Segundo Ciclo de Infantil o xogo simbólico ten unha especial importancia, xa que a través del as nenas e os nenos achéganse á imitación e á representación de modelos externos: representación de roles, transformación da realidade, etc.

Entre as principais funcións do xogo, pódense destacar as seguintes:

- Favorece a coordinación e o control motor.
- Facilita as relacións, a comunicación e as manifestacións emocionais e afectivas.
- Estimula a imaxinación, a creatividade e a solución de problemas.
- Desenvolve a autonomía, a iniciativa, o respecto entre os compañeiros e o coñecemento das pautas e regras.
- Fortalece o desenvolvemento emocional.
- Crea contextos para o desempeño de roles, etc.

b) A actividade infantil, a observación e a experimentación

Os nenos e as nenas destas idades teñen que aprender facendo, nun proceso que require observación, manipulación, experimentación e reflexión. A experimentación con obxectos e materiais vai permitir basicamente a indagación e o coñecemento dos elementos da realidade tanto desde unha perspectiva física como lóxico-matemática, ambas as dúas indisolubles nesta idade.

Para conseguir que nenos e as nenas progresen no coñecemento do mundo, é necesario darlles oportunidades para que realicen actividades de forma autónoma, para que tomen a iniciativa, planifiquen e secuencien pouco a pouco a propia acción:

- Ofreceranse propostas didácticas variadas e axustadas aos distintos ritmos e estilos cognitivos dos nenos e das nenas que integran o grupo.
- Alternaranse distintos tipos de actividades (de linguaxe, psicomotoras, artísticas, plásticas, etc.), que mobilicen diversas competencias na súa realización.
- Terase en conta que toda a actividade que realiza o neno ou a nena ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa e así se considerará na súa planificación.

As propostas de traballo ou unidades de programación que sobre distintas temáticas e contidos se lles presenten aos nenos e ás nenas para alcanzar os obxectivos de ciclo poden adoptar diversas formas: proxectos de traballo, centros de interese, pequenas investigacións, zonas de actividade, unidades temáticas, talleres, etc.

Poderanse incluír unidades e proxectos que xurdan por interese dos discentes.

5.4. Metodoloxía nas modalidades educativas presencial e semipresencial.

En caso de que a situación requira as modalidades de educación presencial ou semipresencial enviaránselles ao alumnado as actividades para tratar os contidos previstos a través das novas tecnoloxías utilizando a aula virtual do CEIP de Arzúa, a aplicación telefónica whatsapp mediante o grupo de familias do alumnado, videochamadas, correo electrónico, etc.

6. AVALIACIÓN.

6.1. Principios e obxectivos

Conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro no Segundo Ciclo da Educación Infantil debe abranguer tanto a actividade de aprendizaxe como a planificación do ensino e práctico docente. Defínese como global, xa que se refire ao conxunto de capacidades; continua, dado que é inseparable do proceso de ensino, e formativa porque permite regular, orientar e corrixir o proceso educativo.

A avaliación debe ter, así mesmo, un carácter permanente e sistemático e ter en conta globalmente todos os ámbitos de desenvolvemento da persoa así como a singularidade de cada neno e nena, analizando e valorando os seus procesos de desenvolvemento e as súas aprendizaxes.

No Segundo Ciclo da Educación infantil, os obxectivos da avaliación son:

- Identificar as aprendizaxes adquiridas polo alumnado en función do ritmo e características de cada un.
- Valorar o grao de desenvolvemento das competencias básicas.
- Identificar as dificultades coas que se encontran os nenos e as nenas e os recursos dos que dispoñen para tentar superalas.
- Axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades detectadas, a partir da avaliación dos resultados conseguidos.

Ademais, deberán evitarse aquelas prácticas e actitudes que poidan proxectar expectativas negativas sobre os nenos e as nenas. Por exemplo:

- A formación de conceptos prematuros sobre as posibilidades dos nenos e das nenas.
- O emprego de etiquetas ou valoracións, que poidan determinar a imaxe que os propios nenos e nenas adquiren de si mesmos

No proceso de avaliación é importante a relación constante coa familia para recoller información relevante sobre os procesos de desenvolvemento e as aprendizaxes de cada neno e nena, así como para unificar criterios de actuación e coordinar as accións. Os mestres e mestras, a través da acción titorial, informarán ás familias do resultado da avaliación e, en xeral, do proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas para os/as facer copartícipes del.

6.2. Avaliación do proceso de aprendizaxe

a) Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación que establece o currículo oficial para avaliar cada área servirán como referente para orientar a acción educativa, identificar as posibilidades e as dificultades de cada neno e nena e valorar o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe. Serán definidos por cada titor ou titora tendo en conta o establecido polo equipo docente e os procesos de aprendizaxe de cada neno ou nena, os seus avances, posibilidades e dificultades.

Os criterios de avaliación deben ser, tamén, un instrumento de atención á diversidade. A súa formulación debe permitir avaliar as capacidades individuais de cada nena ou neno.

b) Técnicas e instrumentos de avaliación

Dado que a avaliación é un proceso flexible, pódense empregar diferentes instrumentos de avaliación para analizar os progresos e as dificultades dos nenos e das nenas e poder axustar a intervención educativa.

Os que demostraron unha maior efectividade nesta etapa educativa son os seguintes:

- *A observación directa e sistemática* dos nenos e das nenas dentro e fóra da aula. Este seguimento permite recoller información sobre a participación e o traballo realizado por cada neno e nena en distintos contextos e actividades de aprendizaxe (xogos, producións plásticas e musicais, etc.). Pódense utilizar varios instrumentos de rexistro da información (diario de clase, rexistros de conduta, fichas de observación, etc.) sempre que permitan establecer uns criterios claros, susceptibles de ser observados e rexistrados e que proporcionen pautas para adecuar e individualizar as estratexias e os procesos de aprendizaxe.
- *A entrevista coas familias*. Trátase dunha técnica moi útil para obter información sobre a opinión, as actitudes, motivacións dos nenos e das nenas e das familias. Para asegurar a súa efectividade é preciso definir previamente os seus obxectivos e realizar un sistema de rexistro da información esencial, que pode combinarse, así mesmo, cos datos recollidos nas entrevistas informais

c) Temporalización da avaliación

A avaliación é continua, posto que comeza nos inicios do proceso educativo e desenvólvese ao longo de toda a etapa. A mestra ou o mestre utilizará as distintas situacións educativas, dentro e fóra da aula, para analizar os progresos e dificultades do alumnado. Non obstante, convén destacar as particularidades da avaliación ao comezo e ao final da etapa:

Partirase dunha *avaliación inicial* que recabará información acerca das características do neno ou da nena, da súa familia e do medio no que vive e do que procede para establecer os mecanismos e recursos que, con maior probabilidade, orienten o neno ou a nena para o éxito escolar.

Ao rematar o segundo ciclo procederase á *avaliación final* a partir dos datos obtidos no proceso de avaliación continua, coa referencia dos obxectivos establecidos no currículo, a proposta pedagóxica e os criterios de avaliación. Elaborarase un informe individual de cada alumno e de cada alumna no que se farán constar as aprendizaxes adquiridas, o nivel de madurez alcanzado e os informes diagnósticos realizados ao longo da etapa como referencia para a planificación e inicio da Educación Primaria.

6.3. Avaliación do proceso de ensino

A normativa establece que ademais dos procesos de aprendizaxe se avaliarán os procesos de ensino e o desenvolvemento da proposta pedagóxica a fin de constatar que aspectos da intervención educativa favoreceron a aprendizaxe e en que outros poderían incorporarse cambios ou melloras. Esta avaliación terá, así mesmo, un carácter continuo e formativo.

Os elementos que poden ser obxecto de avaliación son:

- a) A intervención co alumnado.
- b) A organización do espazo, dos materiais e dos tempos.
- c) A adecuación das programacións e as actividades desenvolvidas ás características e necesidades dos nenos e das nenas.
- d) As medidas de reforzo ou adaptacións segundo as características individuais.
- e) Os mecanismos empregados para favorecer as relacións entre a escola e a familia.
- f) A coordinación e a colaboración entre os compoñentes do equipo educativo.

- g) A participación no deseño, desenvolvemento e avaliación dos documentos de organización da escola e programación educativa

7. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa redonda familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades cotiás.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

8. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CICLO

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser quen de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.

- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA: COÑECEMENTO DA CONTORNA

- Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións aos que están sometidos os elementos do medio e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipótese, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse a consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertencencia baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, o ollar, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos - expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas, ...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e mais doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

9. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO: 5 ANOS

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Progresar no coñecemento das partes da cara e do corpo humano.
- Recoñecer a propia imaxe, a idade e as propias características físicas.
- Recoñecer os sentidos que se utilizan en determinadas situacións.
- Interpretar e aplicar correctamente unhas instrucións.
- Desenvolver hábitos responsables que contribúan á orde das cousas e ao coidado da propia saúde.
- Desenvolver actitudes de respecto e valorar a amizade cos demais.
- Concienciarse da necesidade de tomar un bo almorzo e unha alimentación saudable.
- Resolver un crebacabezas de maneira autónoma tendo en conta o seu contido e tamaño.
- Observar e identificar xogos de interior e exterior, colectivos e individuais e xoguetes.
- Desenvolver a propia imaxinación a partir de contos e historias fantásticas.

- Exercitar destrezas manuais, como pegar adhesivos e anacos de papel, recortar, picar cun punzón, etc., amosando unha boa coordinación óculo-manual.
- Desenvolver o hábito de axudar aos demais, de respectar os animais e coidar a redonda.
- Progresar na realización de trazos horizontais, verticais, inclinados, curvos e combinados realizando a pinza cos dedos e seguindo unhas directrices determinadas.
- Desenvolver condutas de respecto cara aos demais e de aceptación dos resultados.
- Concienciarse da necesidade de usar as papeleiras para manter limpa a redonda.
- Asumir a responsabilidade de coidar as plantas.
- Concienciarse do perigo que poden entrañar determinados obxectos e accións.
- Progresar na disposición libre de elementos nun espazo dado, na resolución de crebacabezas e no coñecemento das propias características físicas e a idade.
- Manifestar sentimentos, emocións, necesidades e preferencias libremente.
- Desenvolver a propia imaxinación coa axuda dos contos e películas.
- Potenciar a propia seguridade desenvolvendo actitudes correctas na vía pública.
- Ver a necesidade de facer un uso responsable da auga e practicar actividades saudables.

ÁREA: COÑECEMENTO DA REDONDA

- Recoñecer diversos animais, o seu hábitat e crías e os produtos que obtemos deles.
- Descubrir a importancia de colaborar cos demais, respectar os animais e as plantas e coidar a redonda.
- Identificar as partes dunha granxa.
- Identificar a incidencia do ser humano e do ciclo natural do ano na natureza.
- Observar e identificar profesións e obxectos relacionados con elas.
- Observar e identificar medios de transporte e comunicación e relacionalos co seu medio.
- Relacionar obxectos co seu medio.
- Identificar as características dos elementos da natureza e o tempo meteorolóxico.
- Observar diversos elementos e identificar diferenzas e semellanzas en obxectos.
- Identificar as actividades da praia e a auga e os elementos relacionados co verán.
- Fomentar o uso responsable da auga e as actividades saudables.
- Distinguir as profesións propias dun ámbito determinado.
- Recoñecer as diferenzas de tamaño en obxectos e o concepto de ordinal.
- Observar as dependencias dunha casa e ver se os seus elementos ocupan o lugar axeitado.
- Detectar erros en ilustracións e indicar a utilidade das pezas de vestir.

- Recoñecer e discriminar elementos a partir de características coñecidas, situar elementos no seu lugar correspondente e clasificar información nunha táboa.
- Progresar no trazo dos números do 0 ao 9.
- Progresar na identificación da orde ascendente dos números.
- Cuantificar elementos, representar cantidades, e descompoñer números, identificar a orde de números e elementos e identificar a pauta dunha serie.
- Progresar na cuantificación de elementos e a representación de cantidades.
- Comparar o número de elementos dunha imaxe e identificar o número maior nun grupo.
- Recoñecer cantidades e o seu símbolo, e contar, restar, recoñecer os números anterior e posterior a un dado e o intermedio e descompoñer números.
- Recoñecer moedas e o seu valor, formar conxuntos e clasificar elementos.
- Identificar as figuras xeométricas: o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- Discriminar algunhas figuras con volume: o cubo e a esfera.
- Diferenciar esfera/círculo e cubo/cadrado.
- Clasificar elementos segundo as súas características, identificar obxectos iguais e realizar conxuntos.
- Diferenciar cores, tonalidades, igualdades en obxectos, conceptos abstractos, figuras xeométricas e trazos en obxectos.
- Identificar obxectos iguais e diferentes en ilustracións e series.
- Deducir a orde dos elementos dunha serie e a secuencia dunha historia.
- Recoñecer e aplicar correctamente normas básicas de educación viaria.
- Recoñecer actitudes correctas e incorrectas.
- Valorar o xogo como elemento socializador.
- Recoñecer a importancia dos xogos colectivos para socializar e fomentar a amizade.
- Observar os elementos propios do Nadal e recoñecer tradicións asociadas a estas festas.
- Coñecer a función do colector e recoñecer a necesidade de reciclar para preservar o medio.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Inventar historias fantásticas seguindo un argumento e un esquema determinado.
- escoitar con atención un texto oral e interpretar axeitadamente o seu significado.
- Comentar colectivamente unha imaxe, describindo as características e a utilidade dos elementos e as accións representados e discriminando os aspectos incorrectos que presenta.
- Describir e xustificar de maneira razoada elementos que están fora de lugar.
- Ampliar o léxico das profesións, os sentidos e o ordenador, as dependencias e obxectos da casa, as pezas de vestir, os elementos e tradicións do Nadal, os xogos e os xoguetes, os animais, as súas crías e a granxa, as plantas, as profesións e dos obxectos relacionados con elas, os medios de transporte e comunicación, a praia, as actividades acuáticas e os elementos propios do verán...

- escoitar atentamente as intervencións dos demais para poder comunicarnos ben.
- Distinguir palabras sinxelas e contar sílabas de palabras dando palmadas.
- Comentar colectivamente os elementos e tradicións propias do Nadal.
- Participar activamente no comentario das características de xogos de interior e exterior e tamén colectivos e individuais.
- Verbalizar conceptos abstractos e explicar experiencias, hábitos e costumes.
- Participar no comentario das características de animais, o seu hábitat e as súas crías.
- Nomear os animais que aparecen nunha imaxe.
- Comentar colectivamente a incidencia do ser humano e a primavera na natureza.
- Recoñecer o son inicial de can en palabras coñecidas.
- Comentar as características das profesións e dos obxectos relacionados con elas.
- Identificar as vogais e progresar na realización das súas grafías.
- Iniciarse na interpretación de palabras sinxelas.
- Valorar os contos como instrumentos de coñecemento e potenciación da imaxinación.
- Comentar colectivamente as características dos medios de transporte e comunicación.
- Comentar colectivamente as actividades que se poden realizar na praia e a auga, os elementos propios do verán e a necesidade de facer un uso responsable da auga.
- Familiarizarse cos ordenadores como instrumentos de transmisión de coñecemento e de comunicación.
- Identificar o código informativo dos semáforos.
- Interpretar, analizar e valorar o contido e a estética de imaxes e o significado asociado a diversos símbolos e códigos.
- Traballar con contidos en formato multimedia para imaxinar, informarse e tamén divertirse.
- Colorear debuxos e debuxar obxectos de forma creativa e figuras xeométricas nun espazo dado.
- Identificar a música como linguaxe artística e expresiva.
- Debuxar o corpo humano e completar ilustracións de forma autónoma seguindo un modelo.
- Colorear e decorar debuxos e figuras, utilizando diversos materiais e técnicas plásticas.
- Debuxar figuras usando a imaxinación e reproducindo ao máximo un modelo coñecido.
- Recoñecer a música como linguaxe artística e expresiva.
- Representar plasticamente a realidade pintándose a si mesmo, aos demais e elementos diversos.
- Debuxar obxectos e ámbitos artística e creativamente, e figuras xeométricas nun espazo dado.
- Representar personaxes e accións en xogo simbólico.
- Recrear a percepción dos sentidos con linguaxe xestual.
- Representar sensacións en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.

- Coordinar ben o movementos das mans para dar palmadas.
- Representar conceptos abstractos e como tocar instrumentos musicais con linguaxe xestual.
- Representar accións en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Elaborar traballos manuais con diversos materiais plásticos.
- Representar sentimentos mediante linguaxe xestual.
- Imitar animais en xogo simbólico usando a linguaxe xestual.
- Representar animais usando a linguaxe corporal e xestual e en xogo simbólico.
- Descubrir a natureza artística en trazos.
- Representar profesións en xogo simbólico e usando a linguaxe corporal.

10. Obxectivos non acadados o curso pasado debido ao estado de alarma.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Descubre as posibilidades motoras e posturais do teu corpo, utilizándoas en coordinación e adaptándoas ás diversas actividades diarias, lúdicas e de expresión.
- Aumentar a sensación de confianza en si mesmo e a capacidade de iniciativa para resolver problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas de xeito progresivo e autónomo.
- Identificar as sensacións e percepcións do corpo de xeito que lle permita controlar as súas necesidades básicas, empregando os sentidos como medio para explorar as súas
corpo e o seu contorno circundante.
- Fortalecer a coordinación oculo-manual necesaria para a motricidade fina.
- Desenvolve progresivamente a lateralidade do teu propio corpo, sendo capaz de interpretar con el as nocións direccionais.
- Continuar coa adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, a alimentación, a seguridade e coidados, tanto no ámbito persoal como no escolar.
- Adquirir progresivamente hábitos organizativos, perseverancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Identificar e localizar os sentidos, utilizándoos para percibir as diferentes sensacións corporais e descubrir as calidades e propiedades dos obxectos.
- Identificar os seus propios sentimentos, emocións, desexos e necesidades e os propios
outros, desenvolvendo unha actitude comunicativa.

- Adquirir nocións básicas de orientación temporal, podendo aplicarlas nocións nas súas experiencias habituais.
- Ser capaz de planificar e secuenciar a súa propia acción para resolver problemas da vida diaria, desenvolvendo actitudes de colaboración e axuda con nenos e adultos, adaptando o seu comportamento ás necesidades e demandas dos demais.
- Adquirir nocións básicas de orientación temporal, sendo capaz de aplicar estas nocións nas súas experiencias habituais.

ÁREA: COÑECEMENTO DA CONTORNA

- Observar, explorar e manipular obxectos e coleccións de obxectos, descubrindo as súas propiedades mediante experimentación activa, empregando as posibilidades de formas de representación matemática.
- Comparar coleccións de obxectos establecendo relacións cuantitativas e comezar pola realización de series sinxelas, identificando a lei establecida para iso.
- Adiantar coñecemento da serie numérica, recoñecendo e controlando a direccionalidade da ortografía dos cinco primeiros números, podendo nomear esta serie en orde crecente e decrecente.
- Identificar e recoñecer algunhas formas xeométricas planas, discriminando estas formas entre outras figuras.
- Avanzar no coñecemento de novas nocións cuantitativas, aplicándoas para resolver problemas sinxelos da vida diaria.
- Adquirir novas nocións de orientación espacial, aplicando estas nocións e as xa aprendidas no teu propio corpo e obxectos.
- Observar e explorar o medio natural, descubrindo os cambios (vexetais, climáticos, vestiario ..) que se producen nel coa chegada das distintas estacións.
- Valorar, respectar e coidar o medio natural, intervindo na medida do seu posibilidades.
- Ser progresivamente autónomo no ámbito escolar, establecendo relacións emocionais cos seus compañeiros e co profesor, asimilando e respectando as regras de comportamento e organización da súa clase.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comezar a ler interpretando, reconstruíndo e ordenando imaxes e outros instrumentos da linguaxe escrita.
- Promover a capacidade de lectura, recoñecendo progresivamente as letras como compoñentes das palabras máis significativas do seu contorno.

11. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. TERCEIRO CURSO: 5 ANOS

1. Competencia en comunicación lingüística

- escoitar textos orais con atención relacionados co cine para comprender e reproducir o seu contido.
- Iniciar na exposición e na argumentación comentando actitudes correctas e incorrectas.
- Consolidar e aplicar correctamente o vocabulario da casa, o ordenador e as pezas de vestir, os xogos e os xoguetes, os animais, as plantas, as profesións e os seus instrumentos, os medios de transporte e de comunicación, así como todo o relacionado co vocabulario do cine: expresións, profesións, aparellos...
- Aproximarnos á estrutura das palabras recoñecendo as letras e o número de sílabas que as compoñen.
- Comentar as experiencias co Nadal, respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Ampliar o vocabulario do Nadal.
- Participar activamente en comentarios colectivos sobre experiencias e costumes.
- Iniciar na lectura de letras e palabras.
- Recoñecer o son inicial de can en palabras coñecidas.
- Comentar colectivamente as características e os instrumentos propios de respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Identificar o son inicial de rato en palabras.
- Participar activamente en conversas colectivas sobre temas relacionados coas actividades de verán, a importancia da casa, a natureza, as características dos animais, as profesións, respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Identificar determinados sons iniciais en palabras.
- Contar as sílabas dunha palabra.

2. Competencia matemática

- Recoñecer as figuras xeométricas básicas: o triángulo, o cadrado, o rectángulo, o círculo, o óvalo, o rombo.
- Recoñecer a lonxitude como unha das magnitudes das que constan os obxectos.
- Recoñecer o valor asociado aos números do 1 ao 8 e realizar sinxelas operacións que impliquen o seu uso, como o cómputo de elementos.
- Descubrir a descomposición dos números e ver que cantidades poden formalos.
- Identificar os números anterior e posterior a un dado.
- Iniciarse nas diversas formas de descompoñer o número 7.
- Comparar cantidades e descubrir o seu valor.
- Iniciarse na suma e a resta de elementos.
- Descompoñer números nos seus compoñentes básicos.
- Ver o valor dos números do 0 ao 9 e realizar con eles sinxelas operacións, como o cómputo de elementos.
- Identificar corpos xeométricos: o cubo, a esfera.

3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

- Identificar oficios e o seu ámbito de traballo.
- Recoñecer e describir adecuadamente as características, estados e función dos elementos da redonda.
- Identificar a noción de orde nunha sucesión.
- Identificar as características e a utilidade de elementos da redonda.
- Distinguir e aplicar correctamente conceptos abstractos e descubrir figuras xeométricas, liñas e cores e tonalidades na redonda.
- Recoñecer fenómenos da natureza e cambios nas estacións do ano e ver como nos adaptamos a eles.
- Detectar elementos fóra do seu medio.
- Identificar elementos propios do Nadal.
- Descubrir trazos básicos en obxectos.
- Detectar semellanzas e diferenzas entre obxectos.
- Identificar diversos tipos de xogos colectivos e individuais e xoguetes.
- Identificar o tempo meteorolóxico do día.
- Recoñecer e reconstruír a secuencia dunha serie.
- Identificar igualdades e diferenzas en obxectos.
- Descubrir relacións entre obxectos.
- Identificar animais e o seu hábitat, e recoñecer as súas formas de vida e os produtos que obtemos.
- Recoñecer unha granxa e as súas dependencias.
- Identificar e valorar a incidencia e o impacto do ser humano na natureza.
- Identificar animais e o medio no que viven e tamén flores.
- Iniciarse no coñecemento das enerxías renovables e das súas vantaxes.
- Identificar e valorar profesións, as súas características e os útiles relacionadas con elas.
- Distinguir conceptos abstractos e figuras xeométricas na nosa redonda.
- Detectar a utilidade dos diversos colectores e o hábito de reciclar.

- Identificar medios de transporte e comunicación e as súas características.
- Recoñecer a situación de cousas no espazo.
- Identificar siluetas en obxectos agachados.
- Observar e identificar obxectos e actividades relacionados coa praia e o verán.
- Agrupar e clasificar elementos en función das súas características e afinidades.

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Detectar a información que presentan as imaxes e comparala coa realidade.
- Entrar en contacto coa informática e a tecnoloxía identificando un ordenador e os seus compoñentes.
Interpretar o código comunicativo do semáforo.
- Identificar e utilizar diferentes tipos de símbolos e códigos para representar conceptos.
- Clasificar información nunha táboa de dobre entrada seguindo os criterios indicados.

5. Competencia social e cidadá

- Comprender a importancia de usar e coidar as instalacións comúns.
- Desenvolver o hábito de respecto e atención cara aos demais e cara ás súas intervencións en conversas.
- Concienciarse da necesidade de colaborar coas tarefas domésticas.
- Recoñecer as normas básicas de educación viaria.
- Distinguir e respectar a natureza e os seus elementos.
- Recoñecer os xogos colectivos como elementos que favorecen a socialización.
- Concienciarse da necesidade da participación cidadá nas festas e celebracións tradicionais.
- Ver a importancia do comercio na nosa sociedade.
- Recoñecer o valor da amizade.
- Concienciarse da necesidade de valorar e respectar todas as formas de vida e o medio.
- Descubrir o valor e as vantaxes do traballo en equipo.
- Recoñecer as vantaxes de apostar polas enerxías renovables.
- Concienciarse da necesidade de respectar e coidar a natureza.
- Recoñecer a necesidade de saudar adecuadamente cando nos diriximos a unha persoa.
- Comprender a necesidade de reciclar para coidar a nosa redonda.
- Recoñecer a necesidade de practicar condutas correctas e cívicas na vía pública para o ben de todos.
- Recoñecer a necesidade de facer un uso responsable da auga para coidar o medio.
- Valorar as vantaxes que nos ofrecen as actividades en grupo.

6. Competencia cultural e artística

- Reflctir plasticamente a realidade mediante o debuxo.
- Valorar a música como forma de expresión artística.

- Desenvolver a capacidade expresiva coloreando debuxos.
- Desenvolver unha perspectiva histórica a partir do comentario de formas de vida do pasado.
- Desenvolver a capacidade artística creando e coloreando debuxos e traballando con diversos materiais e técnicas plásticas.
- Debuxar elementos de forma artística e creativa.
- Descubrir a natureza artística dalgúns trazos.
- Debuxarse a si mesmo e a outras persoas e colorear debuxos de forma artística e creativa.

7. Competencia para aprender a aprender

- Aprender a ver a relación entre as cousas a partir da comparación de características en obxectos e elementos.
- Descubrir a estrutura dos elementos e os conceptos.
- Inducir pautas de interpretación da redonda a partir da clasificación de elementos seguindo un criterio.
- Aplicar estratexias que impliquen a lóxica e a previsión.
- Aprender a analizar e a descubrir as características que nos permiten clasificar obxectos.
- Descubrir a importancia dos modelos para realizar as nosas creacións.
- Aprender a discernir as diferenzas articulatorias dos sons.
- Descubrir a pauta axeitada para realizar con éxito unha acción determinada.
- Atopar recursos para resolver situacións, como analizar o formato e o contido dun crebacabezas para resolvelo.
- Aprender a analizar os elementos dunha serie e unha historia e a inducir a súa orde lóxica.

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Descubrir os sentidos implicados en certas actividades.
- Mellorar a motricidade fina co trazo de liñas, números e letras, picando, recortando e pegando papeis.
- Interpretar e aplicar correctamente unhas instrucións.
- Amosar iniciativa para completar pautas libremente e acostumarse a almorzar ben e coidar a propia saúde.
- Progresar no dominio da linguaxe corporal.
- Distribuir elementos lóxicamente no espazo.
- Aceptar resultados e controlar as reaccións negativas.
- Identificar a propia idade e as características físicas e desenvolver a propia imaxinación.
- Desenvolver hábitos de respecto e coidado dos animais e a redonda.
- Concienciarse da necesidade de usar as papeleiras para coidar a redonda.
- Amosar autonomía na libre disposición de elementos.
- Coidar a propia persoa concienciándose do perigo de determinados obxectos e accións.
- Progresar no coñecemento dun mesmo e na manifestación de preferencias.
- Potenciar a propia seguridade desenvolvendo actitudes correctas na vía pública.

- Resolver crebacabezas de forma autónoma.
- Recoñecer as propias características físicas.
- Desenvolver hábitos de vida sa.

12. CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe.

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas -relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos-...
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo -a través de xestos, movementos, xogos, danzas...-.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo- temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, coa redonda e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social

Bloque 2. Xogo e movemento.

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.

- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e mais da respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

Bloque 3. A actividade cotiá.

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.
- Gestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara a autorregulación das súas accións.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde.

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-.
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a axeitada alimentación, o consumo responsable e o descanso.

- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracteriza. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas -vestimenta, peiteados, adornos, coloridos...-.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

ÁREA: COÑECEMENTO DA REDONDA

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos da redonda.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...
- Recoñecemento e identificación de situacións nas que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiá empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

- Identificación e afondamento no estudo dalgúns características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
- Observación dalgúns características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgúns características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Descubrimento das diferentes formas nas que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.
- Identificación dos cambios que se producen en canto a luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
- Goce ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Aproximación ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.

- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1. Linguaxe verbal.

*** *Escoitar, falar e conversar.***

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronunciación clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas- saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumpridos...-.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

*** *Aproximación á lingua escrita.***

- Aproximación á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

*** *Aproximación á literatura.***

- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.
- Dramatización de textos literarios, gozo e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.

- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos –encadenados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nas tertulias literarias.
- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Exploración sensorial dos elementos presentes na redonda integrando actividades de tocar, uler, oír e ver.
- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume-.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías...- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, colaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámparas, proxeutor...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, na redonda, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bocetos para a consecución dunha melloría na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons da redonda natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.

- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartendo con outras persoas as propias creacións.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, títeres, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Aproximación a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ao uso do ordenador, á cámara fotográfica, ...nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

13. ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO: 5 ANOS

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe.

- Coñecemento das características do propio corpo.
- A representación do corpo humano. O esquema corporal.
- Os sentidos: oído, gusto, vista, olfacto e tacto.
- Os órganos asociados aos sentidos.
- Identificación dos sentidos utilizados en diversas accións.
- A identidade persoal: recoñecemento da propia imaxe. A idade.
- A expresión de emocións, sentimentos, intereses e preferencias persoais.
- Distinción dereita/esquerda.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.
- Identificación e manifestación das necesidades básicas do corpo. A súa regulación e control.
- Confianza nas propias posibilidades e aceptación das propias limitacións.
- Aceptación e valoración positiva de si mesmo.

- Valoración positiva polas diferenzas físicas e rexeitamento das actitudes discriminatorias.

Bloque 2. Xogo e movemento.

- O xogo simbólico e a súa importancia no desenvolvemento persoal.
- Realización de trazos horizontais, verticais, inclinados, curvos e combinados, realizando a pinza cos dedos e seguindo a dirección indicada.
- Satisfacción persoal polo control progresivo de novas habilidades motrices.
- Coordinación de movementos e aplicación de nocións básicas de orientación espacial e temporal.
- Resolución dun crebacabezas tendo en conta o debuxo que contén e o seu tamaño.
- Exercicio de destrezas manuais, colocando adhesivos, recortando por unha liña de puntos, picando cun punzón ou pegando papeis amosando unha boa coordinación óculo-manual.
- Comprensión das normas que rexen os xogos, aceptación das mesmas e valoración da súa necesidade.
- Diferenciación de xogos individuais e colectivos.
- Clasificación dos xogos segundo sexan de interior ou de exterior.
- Identificación de xogos habituais e tradicionais.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros nos xogos colectivos.
- Descrición dalgúns deportes e recoñecemento de obxectos asociados a eles.

Bloque 3. A actividade cotiá.

- As actividades da vida cotiá e as rutinas diarias.
- Iniciativa e progresiva autonomía na vida cotiá. Satisfacción pola correcta realización das tarefas.
- Disposición de obxectos no seu medio axeitado e libremente.
- Conciencia da necesidade de practicar actividades saudables para coidarnos.
- Conciencia da necesidade de almorzar ben.
- O hábito de axudar aos demais.
- Desenvolvemento da imaxinación creativa grazas aos contos e historias fantásticas.
- As actitudes de respecto cara aos demais e de aceptación dos resultados.
- Desenvolvemento de hábitos responsables que contribúan á orde e ao coidado das cousas.
- Desenvolvemento de hábitos de coidado da propia saúde como o uso de paraugas cando chove ou a conciencia do perigo de obxectos.
- A responsabilidade de coidar as plantas.
- Conciencia da necesidade de usar as papeleiras para manter limpa a redonda.
- O respecto aos animais e ao medio.
- Conciencia do perigo que poden entrañar determinados obxectos e accións.
- A propia seguridade desenvolvendo actitudes correctas na vía pública.
- Conciencia do uso responsable da auga.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde.

- Os hábitos de hixiene e as rutinas escolares relacionadas co coidado persoal.
- Adquisición de hábitos sobre a seguridade e o coidado do propio corpo.

- Desenvolvemento de actitudes que melloren a autonomía e o coidado persoal, como vestirse sen a axuda dos demais, protexerse do sol ou utilizar casco para ir en bicicleta.
- Normas básicas que hai que seguir na mesa: comer amodo, utilizar os cubertos e non tirar a comida.
- Concienciación da necesidade de seguir unha dieta sa e equilibrada para o coidado da nosa saúde e da importancia de moderar o consumo de doces.
- Recoñecemento de hábitos desexables para potenciar a hixiene e preservar a saúde, como usar panos cando sexa necesario.
- A necesidade de durmir as horas suficientes para asegurar o descanso.
- O uso responsable da auga nas actividades de aseo persoal.
- Valoración do contacto coa natureza para mellorar a saúde e o benestar.

ÁREA: COÑECEMENTO DA REDONDA

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Diferenciación de algún/ningún, dereita/esquerda, pequeno/grande, onte/hoxe, cerca/lonxe e longo/curto, ancho/estreito, de fronte/de costas, antes/despois, dentro/fóra, grande/pequeno, longo/curto, hoxe/mañá, centro/recanto, lixeiro/pesado e todos/algúns.
- Disposición de elementos no seu medio.
- As cores amarela, azul, marrón, verde, rosa, vermella e gris.
- Figuras xeométricas: a cadrado, o círculo, o rectángulo, o triángulo, o óvalo, o rombo, a espiral na redonda.
- Distinción do tamaño dos obxectos.
- A orde dos elementos e a descomposición dos números.
- A grafía do 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.
- Cómputo de elementos e representación de cantidades: 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.
- Distinción dos trazos básicos en obxectos.
- Diferenzas, semellanzas e igualdades.
- Cores e tonalidades: verde clara e verde oscura, laranxa, violeta, marrón e os tons de azul.
- As igualdades en obxectos e as parellas.
- Recoñecemento do movemento en figuras.
- Identificación da pauta dunha serie.
- Distinción de trazos en obxectos, conceptos abstractos na realidade e información en táboas.
- Aparatos para aproveitar o vento e o sol.
- Cómputo de elementos e representación da cantidade co seu símbolo.
- Clasificación de elementos segundo as súas características e unión de elementos relacionados.
- Ordenación de complementos de verán e inverno.
- Números anterior e posterior a un dado.
- A secuencia dunha serie de imaxes.
- Comparación do número de elementos: máis que/menos que.
- Identificación do número maior nun grupo.
- A suma de elementos.

- Clasificación de elementos.
- Identificación de cubos.
- O concepto ningún.
- A suma de elementos.
- As figuras xeométricas: o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- O volume: o cubo e a esfera.
- Distinción esfera/círculo e cubo/cadrado.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

- Elementos e fenómenos da natureza.
- Identificación da incidencia do ser humano na natureza.
- O tempo meteorolóxico.
- Identificación dos cambios na paisaxe asociados ao paso do tempo.
- Identificación de animais e o seu medio e plantas.
- Relación de obxectos co seu medio.
- Os hábitos de respecto e coidado dos animais, as plantas e a redonda.
- Os animais, o seu hábitat, as súas crías, os produtos que obtemos deles e as partes dunha granxa.
- Valoración das actividades que se realizan en contacto coa natureza.
- Concienciación da necesidade de manter limpa a redonda.
- Valoración da recollida selectiva de residuos.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

- Desenvolvemento de hábitos responsables, condutas correctas cara ás intervencións dos demais e valoración da amizade.
- Identificación de profesións que prestan un servizo á comunidade.
- As actividades da praia e a auga e elementos relacionados co verán.
- Identificación de medios de transporte e comunicación.
- As actitudes correctas e incorrectas.
- A colaboración cos demais.
- Observación e identificación de xogos de interior e exterior e colectivos e individuais, e xoguetes.
- As normas básicas de educación viaria.
- Detección de elementos asociados ao Nadal.
- Recoñecemento de personaxes e debuxo de elementos na súa redonda.
- Recoñecemento de dependencias dunha casa e elementos característicos.
- Valoración do xogo colectivo como elemento de socialización.
- As profesións do ámbito da escola.
- Identificación de profesións e obxectos relacionados con cada unha delas.
- As normas viarias básicas.
- A necesidade da participación colectiva na reciclaxe.
- As moedas e o seu valor.
- Fomento do consumo responsable da auga e das actividades saudables.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1. Linguaxe verbal.

*** *Escoitar, falar e conversar.***

- Comentario de actividades e dos sentidos que se utilizan para realizalas.
- Invención de historias fantásticas que respondan a un esquema e un argumento determinados.
- Explicación da diferenza algún/ningún.
- vocabulario das profesións, as dependencias, elementos e electrodomésticos da casa, o ordenador e as pezas de vestir, os elementos e tradicións do Nadal, os elementos da clase, os xogos e xoguetes, os animais e as plantas, as profesións e os obxectos relacionados con elas, os medios de transporte e comunicación, a praia, as actividades acuáticas e os elementos do verán.
- Audición atenta das intervencións dos demais para entendelas ben e comunicarnos con sentido.
- Cómputo de sílabas de palabras dando palmadas.
- Comentario colectivo de elementos e características da casa, da situación de obxectos característicos e dos erros que presenta unha imaxe.
- léxico dos sentidos e o ordenador.
- Comentario da utilidade de obxectos.
- Descrición e xustificación de forma razoada dos elementos fóra de lugar nunha imaxe.
- Comentario colectivo dos elementos, tradicións e actividades propios do Nadal respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Comentario das características de xogos de interior e exterior, colectivos e individuais, e xoguetes, respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Verbalización de antes/despois, dentro/fóra, longo/curto e explicación de experiencias e costumes.
- Participación activa no comentario das características de animais e o seu hábitat respectando as normas básicas de comunicación.
- Denominación dos animais que aparecen nunha imaxe.
- vocabulario dos animais e as súas crías.
- Comentario colectivo da incidencia do ser humano e da primavera na natureza respectando as normas dos intercambios comunicativos.
- Recoñecemento do son inicial de pera en palabras relativas a obxectos diversos.
- Comentario das características das profesións e dos obxectos relacionados con elas respectando os intercambios comunicativos.
- Explicación da situación de dúas pezas dun crebacabezas.
- Distinción das vogais.
- Comentario colectivo das características dos medios de transporte e comunicación e relación co seu medio.
- Comentario colectivo das actividades que se poden realizar na praia e os elementos relacionados co verán.
- Recoñecemento do son inicial de rato en palabras relativas a obxectos diversos.
- Comentario sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga.

*** *Aproximación á lingua escrita.***

- Recoñecemento e escritura das letras a, e, i, o, u

- Identificación das pregrafías s, f, c en palabras, ocupando diversas posicións.
- Iniciación á interpretación de palabras sinxelas.

*** Aproximación á literatura.**

- Audición de textos literarios amosando a atención necesaria para comprender o seu contido e unha actitude de valoración.
- Coñecemento e imaxinación nos contos.
- Valoración dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Memorización e recitado dalgúns textos.
- Dramatización de textos literarios.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- Coloreado de figuras de forma artística.
- Debuxo do corpo humano e dos elementos dunha ilustración seguindo un modelo.
- Debuxo de figuras xeométricas e elementos de forma creativa, representando un número determinado ou ilustrando o sentido que activan.
- Debuxo da mascota e do almorzó que se toma usando a imaxinación e reproducindo ao máximo un modelo coñecido.
- Elaboración de manualidades utilizando diversos materiais e técnicas plásticas.
- Coloreado de debuxos con boa coordinación óculo-manual e seguindo pautas de cores ou instrucións.
- Debuxo de adornos de Nadal nun debuxo dunha clase, de figuras xeométricas nun espazo dado e compleción de debuxos segundo un modelo.
- Debuxo libre de obxectos de forma artística e con creatividade e de si mesmo.
- Utilización de diversos materiais para colorear debuxos.
- Decoración de debuxos utilizando diversos materiais, como pinturas e papel celofán ou charón e realización de traballos manuais con plastilina.
- A obtención dunhas cores a partir doutras.
- Descubrimento da natureza artística en trazos.
- Decoración de debuxos utilizando papel de aluminio, boliñas de papel de seda e adhesivos.
- Representación plástica da realidade debuxándose a si mesmo, a outras persoas e elementos.
- Aplicación de cores sobre obxectos seguindo unhas instrucións.
- A música como linguaxe artística e expresiva.
- Participación na interpretación de cancións.
- Recoñecemento de sons da vida cotiá.
- Representación de personaxes e accións relacionados con historias fantásticas en xogo simbólico.
- Recreación do mecanismo de percepción a través dos estímulos con linguaxe xestual.
- Representación da sensación de dor en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Reconto de sílabas de palabras dando unha palmada para cada sílaba.
- Representación de conceptos abstractos e de como se tocan instrumentos con linguaxe xestual.
- Representación de xogos mediante a linguaxe xestual.

- Representación do sentimento de alegría e satisfacción mediante linguaxe xestual.
- Imitación de animais en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Representación de accións mediante a linguaxe corporal.
- Representación de profesións en xogo simbólico.
- Representación dos conceptos lixeiro/pesado, longo/curto, dereita/esquerda, centro/recanto con linguaxe corporal.
- Representación de accións correctas e incorrectas en xogo simbólico mediante linguaxe xestual.

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Observación, interpretación e valoración do contido de láminas e ilustracións e análise da información que transmiten.
- Traballo con contidos en formato multimedia para imaxinar, informarse e tamén divertirse. CD.
- Detección de erros nun debuxo.
- O ordenador como instrumento tecnolóxico.
- Identificación do código informativo dos semáforos.
- O significado de símbolos e códigos.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MISMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando axeitadamente espazos e materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

14.. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO

ÁREA: COÑECEMENTO DA REDONDA

- Explorar os obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos da redonda do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

- Amosar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

15. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CURSO:5 ANOS

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Observar que recoñecen as partes do corpo e da cara.
- Verificar que recoñecen a propia idade e as propias características físicas.
- Constatar as características físicas das partes do corpo.
- Verificar que coñecen os sentidos e que identifican os que están implicados en determinadas situacións.
- Comprobar que desenvolven hábitos responsables e actitudes de respecto.
- Dar mostras que progresan no exercicio das destrezas manuais e nos trazos.
- Comprobar que interpretan e aplican correctamente unhas instrucións.
- Verificar que desenvolven hábitos responsables que favorezan a orde das cousas.
- Constatar que son conscientes da necesidade de coidar a saúde e a alimentación.
- Ver que desenvolven a propia imaxinación a partir de contos e historias fantásticas.
- Observar que identifican xogos de interior e exterior, colectivos e individuais e xoguetes.
- Comprobar que progresan na disposición libre de obxectos e na resolución de crebacabezas.
- Ver que desenvolven condutas de respecto cara aos demais e de aceptación de resultados.
- Ver que desenvolven o hábito de axudar aos demais e de respectar os animais e o medio.
- Verificar que dispoñen obxectos no seu medio axeitado e libremente nun espazo dado.
- Verificar que se conciencian da necesidade de usar papeleiras para coidar a redonda.
- Comprobar que asumen a responsabilidade de coidar as plantas.
- Constatar que se conciencian do perigo que poden entrañar algúns obxectos e accións.
- Comprobar que manifestan sentimentos, emocións, necesidades e preferencias libremente.
- Ver que recoñecen a necesidade do consumo moderado de auga.

ÁREA: COÑECEMENTO DA REDONDA

- Observar que distinguen profesións propias dun ámbito determinado relacionado co cine e outras.

- Verificar que recoñecen as dependencias dunha casa e os seus elementos característicos.
- Constatar que valoran a amizade e o xogo como elementos socializadores.
- Comprobar que progresan no trazo dos números do 0 ao 9.
- Ver que recoñecen cantidades, o seu símbolo, contan elementos, sumar cantidades e descompoñen números.
- Comprobar que son quen de restar pequenas cantidades.
- Comprobar que identifican ordinais, figuras xeométricas, cores, semellanzas e conceptos abstractos.
- Constatar que discriminan o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- Confirmar que coñecen algunhas figuras con volume: o cubo e a esfera.
- Comprobar que distinguen esfera/círculo e cubo/cadrado.
- Constatar que identifican conceptos abstractos e temporais.
- Comprobar que clasifican elementos e unen obxectos relacionados entre si.
- Constatar que identifican diversos animais, os seus hábitats e os produtos que nos dan.
- Verificar que identifican o tempo meteorolóxico e a secuencia dunha serie.
- Ver que descubren a importancia de respectar os animais e o medio.
- Constatar que identifican a incidencia do ser humano na natureza.
- Confirmar que recoñecen os cambios producidos no entorno como consecuencia do paso do tempo.
- Observar que identifican profesións e obxectos relacionados con elas.
- Constatar que identifican medios de transporte e comunicación.
- Constatar que identifican as actividades da praia, a auga e o verán.
- Ver que identifican a secuencia dunha serie e a orde dunha historia.
- Observar que fomentan o uso responsable da auga e as actividades saudables.
- Comprobar que observan e recoñecen os elementos e tradicións asociados ao Nadal.
- Verificar que recoñecen e aplican correctamente normas básicas de educación viaria.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Verificar que comentan imaxes explicando actividades e os sentidos implicados nelas.
- Constatar que comprenden a intención comunicativa dos textos e as mensaxes.
- Observar que explican conceptos abstractos e amplían o vocabulario da unidade.
- Comprobar que comentan colectivamente os elementos e tradicións do Nadal.
- Observar que aplican correctamente o vocabulario do Nadal e as pezas de abrigo.
- Ver que participan activamente en conversas e comentarios colectivos.
- Comprobar que amplían adecuadamente o vocabulario dos xogos e os xoguetes.

- Constatar que escoitan con atención un texto oral e interpretan o seu significado.
- Observar que amplían convenientemente o vocabulario relativo aos animais.
- Constatar que comentan colectivamente as características dos animais e o seu hábitat.
- Comprobar que recoñecen e escriben a grafía das letras a, e, i, o, u.
- Pescudar se identifican as pregrafías s, f, c en palabras, ocupando diversas posicións.
- Confirmar que son quen de interpretar e ler palabras sinxelas.
- Constatar que recoñecen o son inicial do r en palabras e contan sílabas dando palmadas.
- Observar que se familiarizan coa grafía de palabras sinxelas e distinguen as vogais.
- Observar que comentan colectivamente a incidencia do ser humano na natureza.
- Comprobar que amplían o vocabulario das plantas e os animais.
- Comprobar que participan no comentario colectivo das profesións e as súas útiles.
- Verificar que amplían o vocabulario das profesións e dos obxectos relacionados.
- Comprobar que amplían o vocabulario relativo aos medios de transporte e comunicación.
- Constatar que amplían o vocabulario da praia e as actividades estivais.
- Verificar que interpretan, analizan e valoran o contido e a estética de imaxes.
- Comprobar que valoran o traballo con contidos en formato multimedia.
- Observar que se familiarizan cos ordenadores como instrumento de información.
- Verificar que identifican o código informativo dos semáforos.
- Verificar que distinguen e interpretan ben o significado asociado a símbolos e códigos.
- Ver que traballan contidos en formato multimedia para imaxinar, informarse e divertirse.
- Constatar que colorean debuxos e debuxan obxectos e formas xeométricas de forma creativa.
- Comprobar que identifican a música como linguaxe artística e expresiva.
- Verificar que debuxan o corpo humano e completan ilustracións seguindo un modelo.
- Comprobar que debuxan figuras usando a imaxinación e reproducindo un modelo.
- Ver que colorean e decoran debuxos utilizando diversos materiais e técnicas plásticas.
- Ver que debuxan figuras xeométricas representándoas dun modo autónomo e creativo nun espazo dado.
- Comprobar que recoñecen a música como linguaxe artística e expresiva.
- Constatar que colorean e completan debuxos libremente e segundo unha pauta de cor.
- Verificar que debuxan elementos creativamente e artisticamente e se debuxan a si mesmos.

- Observar que descubren a natureza artística en trazos diversos.
- Comprobar que elaboran traballos manuais con diversos materiais plásticos.
- Observar que representan personaxes e accións mediante o xogo simbólico.
- Verificar que recrean a percepción dos sentidos con linguaxe xestual.
- Constatar que representan con linguaxe corporal os trazos de diversas figuras xeométricas.
- Ver que representan sensacións co xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Constatar que imitan animais en xogo simbólico e usando a linguaxe xestual.
- Comprobar que representan conceptos abstractos coa axuda do linguaxe corporal.
- Verificar que saben representar como se tocan algúns instrumentos musicais con xestos.
- Constatar que representan accións en xogo simbólico e mediante a linguaxe xestual.
- Observar que representan sentimentos mediante linguaxe xestual.
- Verificar que progresan no dominio da linguaxe corporal e xestual.
- Constatar que representan profesións en xogo simbólico e usando a linguaxe corporal.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Dacordo coa necesidade de integración das TIC no currículo das diferentes áreas, contamos cun ordenador na aula, unha pizarra branca e un proxector. Tamén contamos con aula de informática para desenvolver a competencia básica de tratamento da información e a competencia dixital, que se fará de xeito sistemático e progresivo. Preténdese introducir aos alumnos e alumnas nas habilidades de busca de información e transformala en coñecemento, pero desenvolvendo un sentido crítico sobre esa información. Así mesmo, deseñaranse actuacións para favorecer o acceso dos alumnos/as ás novas tecnoloxías empregándoas para o traballo cotián e nas actividades de aula. A mestra de apoio será a encargada de impartir unha hora a semana as TIC na educación Infantil.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Dende o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, pais, nais e alumnos/as,...) que conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflito. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o

precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación co Departamento de orientación e a Comisión de Convivencia do centro.

Na aula de 5 anos trataremos que a incorporación do alumnado sexa o máis satisfactoria posible, creando un ambiente onde o alumnado comece a interiorizar un comportamento de respecto cara os demais mediante actividades diarias como poden ser: compartir os xoguetes, axudar aos compañeiros,... Trataremos de crear en grupo normas de convivencia e expoñerémolas na aula para favorecer un ambiente de armonía e convivencia positiva.

En todo momento, colaboraremos co Departamento de Orientación e manterase unha actitude aberta ao diálogo para solvertar posibles conflitos que xurdan ao longo do curso.

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO

Participaremos en todas aquelas actividades encamiñadas ao desenvolvemento de capacidades vencelladas ao gusto pola lectura e valoración da nosa lingua.

Cumprirase nos vinte minutos establecidos no horario de aula como “*Hora de ler*”, durante a terceira sesión na que realizaremos contacontos, lectura de pictogramas, visionado de contos en formato dixital e impreso,...

Visitaremos tamén a biblioteca escolar semanalmente para realizar o servizo de préstamos, o que nos permite que o alumnado poida levar ao seu fogar un conto.

Durante este curso seguirase a participar dende a biblioteca no PLAMBE, tendo como eixo vertebrador “A volta ó cine en 275 días”, polo que na aula realizaremos actividades encamiñadas a profundizar os nosos coñecementos sobre o devandito tema.

19. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.

A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias.

Programarase seguindo os seguintes criterios:

Educación para a saúde: Cobra especial reevancia este aspecto debido a situación sanitaria na que se atopa a sociedade actual, por ise fará fincapé nela traballando aspectos importantes como a hixiene corporal, o lavado de mans, o uso das mascarillas, o contaxio, a distancia social, os beneficios do exercicio físico axeitado, os hábitos de descanso diario, etc...

Educación Ambiental: manifestando respecto pola Natureza, rexeitando a contaminación, fomentando os usos de coidado do medio, con fichas sobre o Día do Medio Ambiente... que se desenvolven en determinadas materias durante o curso.

Educación para a igualdade: participando por igual nenos e nenas en tódalas actividades, aceptando a non discriminación segundo o sexo.

Educación para a paz: con actividades para fomentar a solidariedade, o respecto á diversidade, capacidade de diálogo e participación social, resolución pacífica de conflitos...

Educación para o consumo: a través do descubrimento do valor de diferentes obxectos e produtos de uso cotián, fomentando un consumo responsable...

Educación moral e cívica: con actividades para traballar valores de tolerancia, aceptación e valoración dos outros.

Educación viaria: tratando de coñecer as normas de circulación e actuar correctamente como peóns, viaxeiros ou conductores. Aspectos que se traballarán por exemplo nas diferentes saídas que se realicen polo contorno.

Educación sexual: Traballarase o aprecio do propio corpo e a mellor autoestima así como o respecto mutuo, identificando as diferencias entre o sexo masculino e feminino.

20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Teremos en conta as actividades complementarias indicadas no calendario escolar do curso 2020/2021 realizando actividades conmemorativas na aula. As saídas escolares realizaranse en caso de que a situación sanitaria non presente riscos.

21. CONCLUSIÓN

Esta programación será un instrumento fundamental de axuda que nos orienta no proceso de ensinanza aprendizaxe. Con ela sistematizamos o traballo diario previndo, de forma flexible, as tarefas a realizar durante o proceso educativo. En calquera caso esta programación non é un documento pechado, senón que está aberto de cara á adaptabilidade en virtude das características particulares do alumnado de dos momentos puntuais que poidan xurdir e como non, dos seus intereses.

22. BIBLIOGRAFÍA

Destacarei os textos principais sobre os que se apoia a elaboración da presente programación

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A titora: M^a Dolores López Casal